

ESTATUTOS

Modificación dos Estatutos aprobada en Asemblea Xeral Ordinaria

o 19 de Decembro de 2006

ESTATUTOS DA ASOCIACIÓN DE ACTORES E ACTRICES DE GALICIA

CAPÍTULO I : DENOMINACIÓN, NATUREZA, ÁMBITO E ENDEREZO

ARTIGO 1º A Asociación de Actores e Actrices de Galicia constitúese segundo a lexislación vixente ó amparo da Lei de Asociacións do 1 de Abril de 1977. En consecuencia, de acordo co establecido no articulado desta Lei, ten personalidade xurídica propia e plena capacidade para obrar cumprindo os requisitos que a Lei establece.

ARTIGO 2º A Asociación é un organismo sen ánimo de lucro de carácter autoxestor e autónomo para agrupar ós actores, actrices, directores e directoras de Galicia. A Asociación resérvase o dereito de ampliar as súas actividades a outras categorías profesionais.

ARTIGO 3º A Asociación desenvolverá as súas actividades fundamentalmente no ámbito territorial de Galicia sen prexuízo de que, en casos excepcionais, teña que facelo noutras partes do Estado.

ARTIGO 4º O enderezo da Asociación queda establecido na cidade de Santiago de Compostela na Rúa do Campo do Cruceiro do Gaio, nº 7 – 1º, sen prexuízo de poder facer o cambio de enderezo cando así o decida a Asemblea por maioría simple ou a petición da Xunta Directiva. Así mesmo, poderanse abrir cantas delegacións se consideren oportunas, previo informe de viabilidade debidamente xustificado, e aprobación en Asemblea por maioría simple ou en Xunta Directiva.

CAPÍTULO II : FINALIDADES DA ASOCIACIÓN

ARTIGO 5º Consideraranse finalidades da Asociación:

- a) Agrupar actores, actrices, directores e directoras de Galicia para a defensa dos seus intereses profesionais.
- b) Asesoramento e xestión ós/ás seus/súas asociados/as mediante as accións xurídicas necesarias, de todas aquelas cuestións de traballo cooperativo, social, fiscal, sobre a propia imaxe ou calquera outra cuestión relacionada coa profesión do asociado. Sempre que aparezan cuestións de orde laboral, ben individuais ou colectivas, a Asociación poderá actuar coordinadamente coas centrais sindicais de clase.
- c) Captación de traballo para os/as seus/súas asociados/as.
- d) Accións xerais de fomento das artes escénicas e audiovisuais dirixidas ó conxunto da sociedade galega, mediante iniciativas de sensibilización e difusión (campañas informativas, foros de encontro, publicacións periódicas, etc.), de formación de públicos (cursos, charlas, xornadas), de apoio ao teatro e o cine, e de investigación sobre a situación do sector.
- e) Elaboración de propostas de mellora, modernización e racionalización das políticas culturais en Galicia, particularmente de aquelas que afectan de forma directa ós sectores da escena e o audiovisual en Galicia.
- f) En xeral, calquera actividade que contribúa a estimular as prácticas e os consumos escénicos e audiovisuais en Galicia, a vertebrar, afianzar e proxectar o sector galego da escena e do audiovisual dentro e fóra da Comunidade Autónoma de Galicia, e todo tipo de iniciativas conducentes a incrementar a captación de fondos no sector por vía do patrocinio, mecenazgo e esponsorización.

CAPÍTULO III : QUEN PODE FORMAR PARTE DA ASOCIACIÓN. DEREITOS E DEBERES.

ARTIGO 6º Poderán formar parte da Asociación:

- a) Os actores, as actrices, os directores e directoras titulados en calquera Escola de Arte Dramática oficial, ou centro recoñecido relacionado coa súa especialidade, incuindo as titulacións oficiais obtidas en calquera país estranxeiro.
- b) Aqueles actores, actrices e directores/as que poidan demostrar mediante currículo a súa experiencia profesional no oficio, obtida tanto en Galicia, España ou calquera país estranxeiro. Este

currículo será valorado pola Xunta Directiva e será ésta a que decida a integración deste membro.

- c) A Xunta Directiva poderá habilitar a figura do/a socio/a honorario/a para recoñecer o traballo de destacados profesionais dos eidos da escena e o audiovisual de Galicia. De igual modo, poderán adquirir a condición de socios honorarios as persoas físicas ou xurídicas cunha probada traxectoria no fomento da escena e do audiovisual galego, a través da realización de teatro e cine, da organización de toda clase de festivais e certames ou da promoción de liñas editoriais de difusión do sector. Os socios/as honorarios/as estarán exentos do abono das cotas indicadas para os asociados e asociadas, e non disporán de dereito a voto.

Todas as altas de novos socios e socias serán ratificadas pola Xunta Directiva

ARTIGO 7º Será necesario presentar a solicitude de admisión por escrito.

ARTIGO 8º A solicitude de ingreso implica a aceptación dos presentes Estatutos. Contra a denegación da solicitude de alta, o interesado ou interesada poderá presentarlle recurso á Asemblea Xeral, e esta dictaminará a resolución definitiva unha vez escoitado o solicitante.

ARTIGO 9º O novo socio ou socia non será membro de pleno dereito ata transcorridos 6 meses dende a data da súa alta. Neste tempo de carencia terá dereito a voz pero non a voto nin a ningunha das prestación da Asociación (catálogo, asesoría xurídica, etc...)

ARTIGO 10º Perderase a condición de socio / a por:

- a) Solicitude por escrito do interesado ante a Xunta Directiva
- b) Falta de pago equivalente ás cotas de tres trimestres.
- c) Incumprimento dos Estatutos.
- d) Por deslealdade á Asociación.

A Xunta Directiva poderá suspender a un/unha socio/a temporalmente nos seus dereitos, pasando a quedar este/a nas mesmas condicións que os socios e as socias en tempo de carencia. As razóns para estas suspensión temporal serán as mesmas que as anteriormente expresadas a respecto da perda de condición de socios/as, sempre e cando concorran circunstancias atenuantes suficientemente contrastadas e sometidas á valoración da Xunta Directiva.

Contra a resolución de perda da condición de asociado/a ou suspensión temporal nos seus dereitos, o/a interesado/a poderá presentar recurso, no prazo de trinta días a partir da notificación, á Asemblea Xeral, que dictaminará resolución definitiva unha vez escoitado/a o/a solicitante.

ARTIGO 11º Serán deberes do/a asociado/a:

- a) Cumprir os acordos dos órganos da Asociación.
- b) Contribuír economicamente ó mantemento da Asociación (excepto os socios honorarios).
- c) Velar pola dignidade da profesión e o prestixio da Asociación.
- d) Asistir á Asemblea Xeral e a aquelas reunións ás que sexa convocado.
- e) Servir ós cargos para os que foi elixido/a e el/ela teña aceptado.

ARTIGO 12º Serán dereitos dos asociados e asociadas:

- a) Ser electores e elixibles para os cargos que creen os presentes Estatutos e aqueles que se poidan crear posteriormente, sempre que estean ó día nas súas obrigas asociativas.
- b) Expresar libremente as súas opinións nas Asembleas e emitir o seu voto.
- c) Exporlle á Xunta Directiva queixas e suxestións respecto á Asociación e ás actividades que leve a cabo.
- d) Solicitar información sobre a marcha da Asociación.
- e) Solicitar da Xunta Directiva o apoio necesario para a defensa dos seus intereses profesionais.
- f) Utilizar todos os servizos creados pola Asociación.
- g) Exercer o voto de censura á xestión da Xunta Directiva en Asemblea Extraordinaria polo procedemento regulamentario.

CAPÍTULO IV : ÓRGANOS DIRECTIVOS E ADMINISTRACIÓN.

ARTIGO 13º Artigo 13º - Serán órganos rectores da Asociación:

- a) A Asemblea Xeral.
- b) A Xunta Directiva.

ARTIGO 14º A Asemblea Xeral, integrada pola totalidade dos socios e socias, terá a representación máxima das Asembleas, podendo ser estas Ordinarias ou Extraordinarias. A Asemblea Ordinaria reunirase

cada 12 meses, e será convocada por escrito con 15 días de antelación, fixando día, hora, local e a Orde do Día.

A Asemblea Extraordinaria reunirse en convocatoria especial, tamén por escrito, dando conta dos asuntos a tratar cunha antelación de 5 días. Este tipo de Asemblea poderase convocar por solicitude da Xunta Directiva ou do 10% do censo.

ARTIGO 15° Para quedar validamente constituída a Asemblea Xeral en primeira convocatoria, será necesaria a asistencia de 2/3 do censo da Asociación. En segunda convocatoria será suficiente calquera número de asistentes.

ARTIGO 16° A Asemblea Xeral será presidida polo Presidente ou Presidenta da Asociación, actuando de Secretario/a o/a mesmo/mesma da Asociación, quen terá a responsabilidade de levantar acta da Asemblea, ou, no seu defecto, delegar noutra persoa ou valerse de calquera sistema tecnolóxico que facilite esta actividade. A acta será asinada polo Presidente/a, o/a Secretario/a e dous/dúas socios/as máis.

ARTIGO 17° Serán competencias da Asemblea:

- a) Examinar e aprobar (se procede) a Memoria e Balance así como a xestión da Xunta Directiva.
- b) Aprobar ou denegar o orzamento do ano seguinte, e as cotas ordinarias e extraordinarias que propoña a Xunta Directiva.
- c) Propor ou decidir modificacións nos presentes Estatutos.
- d) Aprobar os regulamentos de réxime interior.
- e) Resolver os recursos presentados polos asociados e asociadas ou solicitantes.
- f) Resolver todos aqueles asuntos para os que foi convocada.
- g) Elixir os/as interventores de contas.
- h) Elixir os/as membros dunha Comisión Xestora, se procede.

ARTIGO 18° As decisións tomaranse por maioría simple de socios/as de pleno dereito, a excepción daquelas que, a solicitude da Xunta Directiva ou do 20% dos asociados e asociadas, a Asemblea acorde por maioría simple que é necesaria a aprobación dos 2/3 dos e das asistentes.

ARTIGO 19º Calquera cuestión previa terá que presentárselle por escrito ó/a Secretario/a antes de calquera Asemblea Ordinaria, e ésta decidirá a súa inclusión na Orde do Día.

ARTIGO 20º A votación será nominal, coas seguintes posibilidades:

- a favor
- en contra
- abstención

No caso de que a maioría simple fose gañada pola abstención, a votación considerarase nula, podendo, previo debate, efectuarse unha nova votación, ou pasar ó punto seguinte da Orde do Día.

ARTIGO 21º Non será admitido o voto por correo ou delegación, salvo no caso de elección da Xunta Directiva.

ARTIGO 22º A elección da Xunta Directiva realizarase cando finalice o mandato, ou, no seu defecto, cando esta decida a súa disolución. O procedemento de voto e elección da Xunta directiva será como sigue:

- a) O/A Presidente/a comunicaralles por escrito ós asociados e asociadas o motivo da convocatoria de eleccións, así como a Asemblea Extraordinaria que se convoca a tal efecto.
- b) A partir da data da convocatoria de eleccións por parte do/da Presidente/a, abrirase un prazo dun mes para fomárense as candidaturas. Estas deberán estar integradas por 9 socios e socias de pleno dereito e que estean ao día nas súas obrigas asociativas, tendo que estar especificados os/ as candidatos/as a Presidente/a e Secretario/a.
- c) Unha vez transcorrido o devandito prazo dun mes a Asociación remitira ós socios e socias de pleno dereito unha papeleta de votación por cada candidatura presentada, un sobre de votación sen destinatario nen remite, así como un sobre franqueado, con destinatario (a propia Asociación) e remite (cada un dos socios e socias), establecéndose como data límite para a votación o propio día da Asemblea Extraordinaria.
- d) O/A votante terá que introducir a papeleta escollida no sobre sen destinatario nin remite e pechalo; éste, á súa vez, irá introducido no sobre con franqueo, destino e remite e será enviado por correo ou entregado en man na propia Asemblea Extraordinaria.
- e) Na Asemblea Extraordinaria convocada a tal efecto o/a Secretario/a abrirá os sobres e misturaráos entre si para garantir o segredo da votación. Feito isto, procederá a apertura e lectura

dos votos levando conta da votación un mínimo de dúas persoas da Xunta Directiva designadas polo Presidente ou Presidenta con este fin.

- f) Unha vez efectuado o recuento proclamarase a candidatura elixida por maioría simple. En caso de se producir un empate as candidaturas empatadas serán sometidas a unha segunda votación secreta entre os socios e socias de pleno dereito presentes na Asemblea Extraordinaria.
- g) O/A Presidente/a e Secretario/a da candidatura elixida tomarán posesión dos seus cargos ante a propia Asemblea. O resto dos cargos serán decididos na primeira reunión da Xunta Directiva convocada con este fin.
- h) Calquera socio ou socia presente na Asemblea poderá solicitarlle ó Presidente ou Presidenta un recuento dos votos se existe sospeita de erro ou irregularidade.
- i) No caso de non presentarse ningunha candidatura no prazo establecido no punto b) será elixida unha Comisión Xestora por voto directo entre os socios e socias de pleno dereito presentes na Asemblea Extraordinaria. Esta Comisión Xestora terá como función principal convocar un novo proceso electoral e xestionar o funcionamento ordinario da Asociación.
- j) En caso de presentarse unha soa candidatura no prazo establecido no punto b), non se levará a cabo o proceso descrito nos puntos c) e f), sendo directamete na Asemblea Extraordinaria onde se realizaría unha votación secreta para refrendar a devandita candidatura. En caso de que ésta non obtivese a maioría simple realizarase unha nova votación para elixir unha comisión xestora segundo se indica no punto anterior.

ARTIGO 23º A Xunta Directiva é o Órgano Executivo das decisións da Asemblea Xeral, pero contará coa autonomía mínima necesaria para o desenvolvemento das súas funcións, quedando na Asemblea a responsabilidade das decisións mais relevantes.

Estará formada por:

1 Presidente/a

1 Secretario/a ou Tesoureiro/a

1 Vocalía de Prensa

2 Vocalía de Ensino

2 Vocalía de Teatro

2 Vocalía de Audiovisual

Elixidos/as por votación libre e secreta.

Estas vocalías poden sufrir cambios na súa denominación e no número de integrantes que compoñen cada unha, así como na súa propia conformación. Pode tamén darse a formación de outras novas segundo as necesidades que a Xunta Directiva considere oportunas, e entre os e as vocais elixidos/as.

As vocalías poden solicitar a colaboración doutros asociados e asociadas con carácter continuado ou temporal.

A Xunta Directiva podería contemplar a existencia dun ou dunha Xerente profesional coas competencias que a propia Xunta Directiva lle asigne, e cuxas funcións serán especificadas no Regulamento de Réxime Interior.

ARTIGO 24º O período de goberno da Xunta Directiva será de 2 anos.

ARTIGO 25º Os cargos non terán remuneración.

ARTIGO 26º Se durante o período de mandato se producisen vacantes nos cargos, procederase á súa substitución entre os socios e socias de pleno dereito que a Xunta Directiva considere oportuno. Este mecanismo non será aplicable no caso de vacante do cargo de Presidente/a, que, de producirse, provocaría a convocatoria de novas eleccións.

ARTIGO 27º A Xunta Directiva reunirse obrigatoriamente unha vez ó mes, e extraordinariamente a petición do/da Presidente/a ou dun tercio da Xunta Directiva. Será obrigatoria a asistencia á reunión e, no caso de non poder asistir, así se lle fará constar ó Presidente ou Presidenta. As reunións quedarán validamente constituídas coa asistencia de 5 dos seus membros.

ARTIGO 28º Os acordos da Xunta Directiva tomaranse por maioría simple. Do desenvolvemento da reunión levantarase acta por parte do Secretario/a ou da persoa na que este delegue, e será asinada polo Presidente ou Presidenta.

ARTIGO 29º Perderase a condición de membro da Xunta Directiva por:

- a) Expiración do mandato.
- b) Renuncia do/a interesado/a.
- c) Perda da condición de asociado/a.
- d) Inasistencia inxustificada a tres sesións consecutivas ou falta de colaboración manifesta.

ARTIGO 30º Atribucións da Xunta Directiva:

- a) Convocar e fixar a data de celebración da Asemblea Xeral.
- b) Redactar os orzamentos e balances.
- c) Regular o réxime económico da Asociación así como a organización administrativa.
- d) Crear as comisións de traballo necesarias para a boa marcha da Asociación.
- e) Admitir, suspender ou dar de baixa os membros da Asociación na forma prevista nos presentes Estatutos.
- f) Interpretar os Estatutos e o regulamento de réxime interior, e velar polo seu cumprimento.
- g) Nomear a un/unha Xerente profesional.

ARTIGO 31º Funcións do Presidente/a:

- a) Representar a Asociación diante de calquera instancia.
- b) Convocar a Asemblea Xeral e a Xunta Directiva e presidir as súas reunións.
- c) Dar o visto bo ás actas das reunións e velar polo cumprimento dos acordos adoptados.
- d) En nome da Asociación, contratar e dar poder a terceiros/as. Interpelar diante das vías governativas e xudiciais, ordinarias e especiais.
- e) Admitir subvencións e axudas, legados e herdanzas.
- f) Ordenar os pagos a efectuar pola Asociación.

ARTIGO 32º Funcións do Secretario/a ou Tesoureiro/a:

- a) Substituír o Presidente ou Presidenta en caso de ausencia, enfermidade ou motivo xustificado.
- b) Colaborar directamente co/coa Presidente/a.
- c) Responsabilizarse dos libros, documentos e material da Asociación.
- d) Ter ó día o censo dos asociados e asociadas.
- e) Redactar as actas das asembleas e sesións, ou delegar noutra persoa ou sistema tecnolóxico a este fin.
- f) Recoller e responsabilizarse dos fondos económicos da Asociación.

- g) Efectuar os cobros e pagos ordenados polo/pola Presidente/Presidenta ou por el/ela mesmo/a, e ter actualizados os libros correspondentes.
- h) Ter as contas a disposición dos socios e socias.
- i) Redactar o balance e orzamento anual.

ARTIGO 33º Funcións dos e das Vocais de Prensa, Teatro, Audiovisual e Ensino:

- a) Estar á fronte e responsabilizarse das posibles comisións de traballo que se creen.
- b) Velar polo correcto funcionamento das súas vocalías e pola mellora das actividades relacionadas coa súa area tanto dentro coma fóra da Asociación.

CAPÍTULO V : PATRIMONIO FUNDACIONAL, RÉXIME ECONÓMICO E LÍMITES DO ORZAMENTO ANUAL

ARTIGO 34º A Asociación terá patrimonio propio e independente.

ARTIGO 35º Os recursos económicos da Asociación, que non ten patrimonio fundacional, serán:

- a) As cotas dos Asociados e Asociadas.
- b) Axudas, legados, herdanzas, subvencións dos organismos oficiais, entidades públicas ou privadas ou persoas individuais.
- c) Ingresos derivados do patrocinio e / ou o mecenado a cargo de empresas privadas e institucións públicas.
- d) Os intereses que produzan os fondos da Asociación.
- e) Calquera outro ingreso que se poida producir polas actividades da Asociación.

ARTIGO 36º O orzamento anual inicial non terá límite.

ARTIGO 37º A Asociación non poderá destinar os seus bens a fins distintos dos propios da Asociación.

CAPÍTULO VI : MODIFICACIÓN DOS ESTATUTOS

ARTIGO 38° Os presentes Estatutos só poderán ser modificados pola Asemblea Xeral Extraordinaria convocada con este motivo.

CAPÍTULO VII : DISOLUCIÓN DA ASOCIACIÓN

ARTIGO 39° A Asociación establécese por tempo ilimitado. Só se disolverá no caso seguinte:

- a) Decisión da Asemblea Xeral Extraordinaria, convocada a tal efecto en acordo tomado polas 2/3 partes.

ARTIGO 40° En caso de disolución actuará como Comisión Liquidadora a última Xunta Directiva en exercicio ou aqueles/aquelas membros da Asociación escollidos para o caso na Asemblea. Esta comisión procederá á liquidación do patrimonio social, e co seu produto saldará débedas e destinará o que sobre a finalidades de carácter cultural, preferentemente a todas aquelas que beneficien a profesión dos asociados e asociadas.

**asociación de actores e actrices de galicia
campo do cruceiro do gaio, 7 - 1º
15705 santiago de compostela
tel/fax: + 34 981 593829**